

A EDUCACIÓN NO CAMPO EXPANDIDO

Xabier Lorenzo

IES de Brión

UNHA ESCOLA ENSIMESMADA

O que sexa que a arte teña que chegar á educación terá máis valor segundo máis radicalmente reformule cuestións de carácter metodolóxico e organizativo.

O actual modelo educativo está absolutamente caduco, falto dunha renovación profunda que reconfigure as súas estruturas, as dinámicas, os tempos e os espazos da aprendizaxe. A escola non responde ás necesidades formativas do alumnado. É unha escola dislocada e disxunta, unha escola xorda e necia, empeñada en ignorar o que sexa que suceda máis alá dos seus propios límites. Son precisamente esas discontinuidades, esas fracturas as que impiden o necesario empoderamento do alumnado; tamén do profesorado.

UN DISPOSITIVO PARA O ACTO EDUCATIVO

É necesario redeseñar por completo o sistema educativo. Non é un asunto que atinxa exclusivamente a aspectos curriculares ou outros similares tantas veces sobados. É un asunto de redefinición do sistema educativo como dispositivo para o coñecemento e a comunicación. Un dispositivo deseñado coa vontade de facilitar as relacións interpersoais para a comprensión profunda da realidade contemporánea.

A escola xa non pode ter lugar nin tempo senón subsidiariamente respecto deste dispositivo de carácter rizomático que a estenda á totalidade do real.

OS PROCESOS ARTÍSTICOS COMO MODELO PARA A EDUCACIÓN

Precisamente nesta reconfiguración pode ser de utilidade importar modelos desenvolvidos pola arte ao longo deste último século. Podemos, cando menos provisionalmente, ensaiar un novo modelo inspirado en estruturas e procesos artísticos. Hai xa un camiño andado, un camiño percorrido con grandes dificultades, que permitiu explorar certos territorios, que xerou certos procesos, algúns xa esgotados, outros plenamente incorporados e asumidos, moitos deles moi válidos para fundamentar neles a construción dun novo modelo educativo. Non tería demasiado sentido reproducilos mimeticamente, pero si aproveitar esas investigacións, eses territorios abertos, máis comprometidos co social, en ocasións máis difusos (é certo), pero tamén máis receptivos ao pensamento diverxente, moito máis ligados á experiencia e ao suxeito que permitan crear unha escola por e para as necesidades do alumnado.

Non é preciso procurar máis estratexia de mediación ningunha, é a arte a estratexia que a escola necesita.

POR FAVOR, QUE DEIXE DE TOCAR ESE TIMBRE!

Un dos grandes problemas do noso sistema educativo é a súa extrema compartimentación, sobre todo porque é unha das características nas que se fundamenta: agrupamentos por idades, materias estancas, contidos específicos, tempos exclusivos, coñecementos fragmentados, falta de interdisciplinabilidade; en fin, todo aquilo que non permite ao alumnado desenvolver a súa autonomía como axente activo protagonista da súa aprendizaxe.

É cada vez máis importante esvaecer os actuais límites da aula, expandila máis alá dos cincuenta minutos dunha sesión lectiva, máis alá das esixencias curriculares.

A incorporación das novas tecnoloxías permite diluír os límites, traballar nos límites, ensanchar os límites. É unha oportunidade aínda non estragada por completo grazas aos esforzos dun certo sector do profesorado, aínda que desgraciadamente, cada vez con máis frecuencia, vemos como son empregadas para perpetuar o modelo da unidade clase.

O modelo educativo actual está baseado nun sistema de garantías ineficaces que aseguren que o profesorado imparta un determinado mínimo de contidos, un sistema miope incapaz (a pesar de todo) de saber como os recibe o alumnado.

CONSTRUÍR O ACTO EDUCATIVO

Do mesmo modo que as conversas poden ser construídas, tamén os procesos educativos poden selo. Construír o acto educativo dun modo consciente atendendo antes que nada as necesidades formativas do alumnado é algo que volve, unha vez máis, a situarnos nesa zona liminar na que as metodoloxías e as dinámicas teñen certo parecido cos procesos artísticos onde compartimos a experiencia de construír e reconstruír o coñecemento a cada pouco.

De novo, ao igual que nas conversas, son necesarias altas doses de confianza mutua para poder acompañar os estudantes na construción da súa liberdade.

O acto educativo é un acto tan artístico como político.

PROXECTOS INTERDISCIPLINARES¹

Cada vez máis habitualmente emprego nas miñas aulas a metodoloxía de traballo por proxectos.

Os proxectos permiten que o alumnado constrúa as súas propias aprendizaxes a partir de determinadas propostas, retos ou centros de interese, e tamén promoven o traballo colaborativo e en rede, a autonomía e a creatividade. Os proxectos interdisciplinares adáptanse ás necesidades e intereses do alumnado; o principal obxectivo é desenvolver parte dos currículos de diferentes materias nun contexto altamente significativo e motivador.

O alumnado comeza o seu traballo definindo e formulando os problemas cos que vai traballar, e non meramente na procura de solucións.

O traballo por proxectos prepara ao alumnado para definir e resolver problemas complexos aplicando o pensamento científico dun modo rigoroso, crítico e creativo.

¹ Os proxectos referidos foron desenvolvidos no IES de Brión polos Departamentos de Debuxo e Tecnoloxía. A documentación sobre aqueles pódese atopar en <http://espazoweb.com/debuxonarede>.

No traballo por proxectos os contidos non se temporalizan senón en función das necesidades propias do desenvolvemento do proxecto, e das necesidades de manexar determinados conceptos, procedementos ou técnicas.

A construción do coñecemento necesita da relación física co contorno, unha implicación plena que non exclúa as sensacións e as emocións.

Hai unha serie de aproximacións cara á resolución obxectual final que o alumnado non extrae de ningún tipo de manual, libro de texto, nin tan sequera do profesorado.

O profesorado debe adecuar o seu rol a esta situación. En ocasións, o seu labor pode ser o de facer aparecer un determinado obxecto na aula coa finalidade de provocar unha serie de consideracións ao seu redor, de abrir unha vía de debate ou simplemente para que soporte ou permita un novo desenvolvemento procesual.

PENSAR COAS MANS

Fabricar obxectos é unha fabulosa maneira de pensar. O deseño e construción de formas pode resultar moi útil para soportar ideas complexas que a linguaxe verbal sostén con dificultade. A fisicidade das formas posibilita aprendizaxes intensas, velozes ás veces. O alumnado ten que ter a experiencia de construír o seu propio coñecemento. Non pode simplemente recibir un coñecemento que lle é transmitido como se este puidese estar contido no interior dunha botella. O coñecemento debe ser elaborado, organizado mediante procesos de aprendizaxe, que só parcialmente terán relación coa transmisión e si moito máis coa experimentación.

Os obxectos, entendidos como figuras da linguaxe, son elementos valiosos nos procesos de aprendizaxe. Condensan de modo indexal un rexistro dos procesos construtivos, unha pegada do pensamento, do corpus conceptual e procedemental necesario para poder elaboralos. Unha lectura profunda deses obxectos, deses marcadores, permitíranos observar a evolución e a aprendizaxe conseguidas.

DADOS ESFÉRICOS

De cando en vez levo ás miñas clases de Debuxo Técnico en bacharelato uns dados esféricos. Repártoos entre os estudantes e invítoos a que intenten representalos graficamente.

Inicialmente a maioría observa fixamente o dado como se este fose volverse transparente e descubrir as formas que agocha no seu interior. O máis normal é que ao cabo dun tempo alguén achegue un dado á orella e o axite para escoitar atentamente os movementos da boliña oculta no seu interior. Outros fano rodar unha e outra vez pola mesa observando como se comporta. Ao cabo dun anaco, uns e outros comezan a debuxar. Ese debuxo é a representación de algo que non se pode ver cos ollos, pódese ver coa experiencia de manexar o dado, de tocalo, de escoitalo, de facelo rodar; pero o resultado é unha imaxe. Están debuxando un dado. Cada quen fai a súa propia proposta, de tal maneira que o que se debuxa é aquilo que fai que o dado funcione, non aquilo que está dentro, porque o que está dentro non sabemos propiamente como é (pero si como podería ser).

A experiencia do obxecto e a experiencia coa forma están detrás de cada unha das propostas nos proxectos interdisciplinares desenvolvidos, conscientes de que nesa pequena distancia entre o ser e o poder ser é precisamente onde se dan as aprendizaxes máis intensas, as máis necesarias.